

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 3 de novembro de 2014 pola que se publica o plan de estudos do máster universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 26 de setembro de 2014 (publicado no BOE do 18 de outubro de 2014, por Resolución do secretario de Estado de Universidades do 2 de outubro de 2014).

Esta reitoría, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2008, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de máster universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte (máster conxunto da Universidade das Palmas de Gran Canaria e a Universidade de Santiago de Compostela), que quedará estruturado segundo consta no anexo.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2014

Juan M. Viaño Rey
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Máster universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte

Rama de coñecemento: Artes e Humanidades.

Universidades participantes: Universidade das Palmas de Gran Canaria e Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora).

Cadro 1. Distribución de créditos ECTS segundo tipo de materia.

Tipo de materia	Créditos ECTS
Obrigatorias	12



